



METEOGALICIA

 Xacobeo 21-22

Informe climatolóxico primavera 2022

INFORME CLIMATOLÓXICO PRIMAVERA 2022



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	2
2	BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NA PRIMAVERA 2022 EN GALICIA.....	3
2.1.	Temperatura.....	3
2.2.	Precipitación	8
3	EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE PRIMAVERA.....	12
3.1.	Temperatura.....	12
3.2.	Precipitación	15

**Primavera moi cálida e moi seca.****1 INTRODUCCIÓN**

A continuación preséntanse unha descrición climatolóxica que caracterizou á estación de primavera (marzo a maio de 2022). Así, analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo considerando o período de referencia 1981-2010.

As anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar a estación en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
\leq mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
\geq máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación da estación en función da temperatura.

Para caracterizar a estación en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
\leq mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
\geq máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación da estación en función da precipitación.

Se falamos de temperatura media, enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media desta primavera e o valor climático obtido con respecto ó período de referencia 1981-2010. Para a variable precipitación enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada no primavera respecto do valor da media climática correspondente.



2 BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NA PRIMAVERA 2022 EN GALICIA.

2.1. Temperatura

A **primavera** de 2022 (balance dos meses de marzo, abril e maio) foi **moi cálida**, con unha anomalía positiva na temperatura media de +0.8 °C. Isto debeuse principalmente as elevadas temperaturas máximas rexistradas principalmente no mes de maio.

A primavera comezou cun mes de **marzo** no que se compensaron as baixas temperaturas da primeira metade do mes, cas temperaturas superiores ao normal nun mes de marzo, da segunda metade. Así a temperatura media no conxunto de Galicia foi **normal** cun valor de 10.8 °C, o que representa unha anomalía de -0.1 °C. As máximas foron tamén normais, mentres que as mínimas neste mes de marzo, foron lixeiramente cálidas. O precedente máis cálido xa o atopamos no anterior 2021.

No mes de **abril**, novamente compensáronse as situacións frías cas xornadas de sol e calor que se deron ao longo do mes, resultando novamente a temperatura media no conxunto da Comunidade **normal**, cun valor de 11.8 °C, cunha anomalía de 0.0 °C. Nesta ocasión, sen embargo as temperaturas máximas foron cálidas e as mínimas frías. Os dous anos anteriores foron máis cálidos que o mes de abril deste ano 2022.

A primavera rematou cun mes de **maio** que foi o que marcou a tendencia en temperatura desta estación, con temperaturas que en xeral foron elevadas para a época do ano, debido á frecuencia de situacións anticiclónicas con aire cálido procedente do norte de África, que non se puideron compensar coas temperaturas rexistradas nos escasos períodos de borrascas que presentou o mes. Así tendo en conta a temperatura media o mes foi **extremadamente cálido**, cun valor de 16.9 °C e unha anomalía de +2.5 °C. Esta mesma cualificación tiveron as temperaturas máximas e mínimas do mes. Pero sen embargo, o precedente máis cálido foi 2020.



Nas táboas 1 e 2 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega na estación de primavera 2022 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As máximas máis altas, déronse na xornada do día 28 de maio por debaixo dos 1000m, pero tamén destaca a xornada do 20 de maio por riba dos 1000m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas na primavera 2022 por debaixo dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
28/05/2022	Ourense	OURENSE	Ourense	37.9
28/05/2022	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	37.0
28/05/2022	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	37.0
28/05/2022	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	36.6
27/05/2022	Entenza	SALCEDA DE CASELAS	Pontevedra	36.1
28/05/2022	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	36.0
20/05/2022	A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	35.7
28/05/2022	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	35.1
27/05/2022	A Granxa	PONTEAREAS	Pontevedra	35.0
27/05/2022	Soutomaior	SOUTOMAIOR	Pontevedra	34.8

Táboa 1: Temperaturas máximas máis altas rexistradas na primavera 2022 a altitude menor 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas na primavera 2022 por riba dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
20/05/2022	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	28.8
20/05/2022	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	28.7
20/05/2022	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	28.3
20/05/2022	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	28.0
28/05/2022	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	27.6
20/05/2022	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	27.4
20/05/2022	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	27.2
28/05/2022	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	27.0
21/05/2022	O Xistral	MURAS	Lugo	25.2
20/05/2022	Ancares	CERVANTES	Lugo	24.7

Táboa 2: Temperaturas máximas máis altas rexistradas na primavera 2022 a altitude maior 1000 m.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade na primavera 2022 para as estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude respectivamente. Neste caso, a xornada do 4 de abril destaca nas dúas altitudes, se ben por riba dos 1000m, o 2 e o 3 de abril tamén foron destacables.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na primavera 2022 por riba dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
04/04/2022	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-9.5
04/04/2022	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-8.8
04/04/2022	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-7.7
04/04/2022	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-7.6
04/04/2022	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-7.5
04/04/2022	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-7.2
04/04/2022	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-7.2
04/04/2022	Ancares	CERVANTES	Lugo	-6.5
04/04/2022	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-5.8
04/04/2022	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	-5.2

Táboa 3: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na primavera 2022 a altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na primavera 2022 por debaixo dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
02/04/2022	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-8.6
02/04/2022	Baltar	BALTAR	Ourense	-7.5
04/04/2022	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-6.6
05/04/2022	Morelle	SARRIA	Lugo	-5.4
05/04/2022	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-5.3
03/04/2022	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-5.2
05/04/2022	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-5.1
04/04/2022	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-4.9
04/04/2022	Laza	LAZA	Ourense	-4.4
05/04/2022	Portomarín	PORTOMARÍN	Lugo	-4.3

Táboa 4: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na primavera 2022 a altitude inferior a 1000m.

Na Figura 1 móstrase o mapa de temperatura media para a primavera de 2022. No macizo de Manzaneda e en Pena Trevinca rexistráronse os valores máis baixos de temperatura, en torno aos 4.7 °C. No oeste da provincia de Pontevedra foi onde se rexistraron os valores máis altos, con valores próximos aos 15.6 °C. Segundo os valores do mapa, a temperatura media no conxunto da Comunidade foi de 11.8 °C.




Figura 1: Temperatura media na primavera 2022.

Na Figura 2 pódese ver para esta primavera o mapa das desviacións da temperatura media respecto do valor de referencia no período 1981-2010. En xeral, tratouse dunha primavera cunha anomalía media, segundo os valores do mapa, de $+0.9$ °C. Isto debeuse ás altas temperaturas rexistradas no interior da provincia de Lugo e sur da Comunidade. Foi nestas localidades onde se acadaron os valores máis altos de anomalía de temperatura, cunha anomalía positiva próxima a os $+2.0$ °C. Os máis baixos, no concello de Cervantes, que mesmo resultaron fríos cunha anomalía de ata -1.5 °C.




Figura 2: Mapa de anomalías da temperatura media na primavera 2022



2.2. Precipitación

No conxunto dos meses de marzo, abril e maio, pódese cualificar esta **primavera** como **moi seca**, cunha porcentaxe de precipitación dun 27 % inferior ao período de referencia. A precipitación quedou condicionada polos meses de abril (seco) e maio (moi seco), que non puido compensar o mes de marzo (húmido).

A primavera comezou cun mes de **marzo** no que as precipitacións foron superiores ás normais principalmente na primeira metade do mes. A precipitación media para o conxunto da Comunidade neste mes foi de 113 L/m², o que representa unha porcentaxe de precipitación dun 20 % superior ao período de referencia considerado. Isto fixo que marzo se cualificase coma **húmido** co seu precedente máis húmido en 2020.

O mes de **abril**, tan só as borrascas nomeadas *Diego* e *Evelyn* deixaron chuvias xeneralizadas, pero no resto das situacións nas que choveu a chuvia foi máis escasa e moi irregularmente repartida, polo que as chuvias no cómputo do mes estiveron por debaixo das normais para a época do ano. Así a precipitación media no conxunto da Comunidade foi de 78 L/m², o que representa unha porcentaxe dun 32% inferior ao normal, e o mes cualificouse como **seco**.

A primavera rematou cun mes de **maio** con predominio anticiclónico, con chuvias moi escasas, de fronteas moi pouco activas, e moi condicionadas as xornadas treboentas que deixaron tan só en localidades illadas precipitacións lixeiramente superiores as normais para a época do ano. Así a precipitación media para o conxunto de Galicia foi de 38 L/m², que representa unha porcentaxe de precipitación dun 62% por debaixo do normal, resultando un mes **moi seco**, co seu precedente máis seco no ano 2019.



Na táboa 5 móstranse os valores máximos de precipitación acumulada rexistrados nesta primavera de 2022. Os rexistros máis altos de precipitación superaron os 400 L/m².

Precipitación máxima estacional na primavera 2022			
Estación	Concello	Provincia	Precipitación (L/m ²)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	622
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	456
Castrove	POIO	Pontevedra	443
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	438
Cespón	BOIRO	A Coruña	433
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	432
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	426
Rebordelo	COTOBADE	Pontevedra	407
Monte Aloia	TUI	Pontevedra	400
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	387

Táboa 5: Valores máximos de precipitación acumulada na primavera 2022.

Na táboa 6 móstranse os valores mínimos de precipitación acumulada rexistrados: Neste caso, as precipitacións mínimas rexistradas nesta primavera, tiveron valores de menos de 150 L/m².

Precipitación mínima estacional na primavera 2022			
Estación	Concello	Provincia	Precipitación (L/m ²)
A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	104
Larouco	LAROUCO	Ourense	107
San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	108
Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	128
Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	134
As Petarelas	RUBIÁ	Ourense	134
Xares	VEIGA (A)	Ourense	136
Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	143
Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	144
Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	147

Táboa 6: Valores mínimos de precipitación acumulada na primavera 2022.

Na Figura 3 móstrase a precipitación total acumulada nesta primavera de 2022. Os valores máis altos rexistráronse nas comarcas do Xallas e do Sar, con valores próximos aos 600 L/m². Os valores máis baixos rexistráronse na comarca de Valdeorras, con valores que apenas chegaron aos 71 L/m². O valor medio de precipitación para o conxunto de Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 251 L/m².




Figura 3: Mapa de precipitación acumulada na primavera 2022.

Na Figura 4 móstrase o mapa de anomalías de precipitación en forma de porcentaxe con respecto aos valores normais (1981-2010), sendo 100% a porcentaxe que representa a normalidade. Tal e como se pode ver na figura, a porcentaxe de precipitación ten unha distribución moi irregular condicionada pola irregularidade na chuvia rexistrada en abril e as chuvias de orixe convectiva de maio. Así as porcentaxes máis altas acadáronse en Terra de Lemos e a Baixa Limia, con valores dun 25 % por riba do normal. O resto da Comunidade presenta zonas que foron case normais con zonas máis secas e mesmo moi secas, principalmente no suroeste da Comunidade, pero tamén nas comarcas de Ortegál e Vigo, os valores máis baixos destas zonas acadaron porcentaxes dun 61 % por debaixo do normal. Segundo os valores do mapa a porcentaxe de precipitación foi un 27 % inferior ao normal, no conxunto de Galicia.




Figura 4: Porcentaxe de precipitación acumulada con respecto á media climática na primavera 2022.

3 EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE PRIMAVERA.

3.1. Temperatura

A temperatura media de primavera para Galicia, considerando once estacións meteorolóxicas representativas, presentou unha anomalía positiva de +1.3 °C con respecto ao período 1971-2000 e unha anomalía positiva de +0.8 °C con respecto ao 1981-2010. Como resultado disto tratouse dunha primavera moi cálida tendo como referencia o período 1981-2010 segundo a táboa 0.1. Isto pódese observar na seguinte táboa:

Temperatura media primavera (°C)		
2022	1971-2000	1981-2010
13.2	11.9	12.4

Táboa 7: Comparación entre a temperatura media en primavera e a media climática galega.

Na seguinte táboa móstrase a distribución por meses da temperatura media na primavera 2022 para esta serie de referencia.

Temperatura media mensual (°C)			
Mes	2022	1971-2000	1981-2010
marzo	10.8	10.3	10.8
abril	11.8	11.5	11.9
maio	16.9	13.9	14.4

Táboa 8: Comparación entre a temperatura media mensual da primavera 2022 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

Pódese dicir que, en canto á temperatura media e considerando o período de referencia 1981-2010, os meses de marzo e abril foron normais e, o mes de maio foi extremadamente cálido.

Na táboa 9 pódese observar a temperatura media das máximas na estación de primavera e a comparación cos valores de referencia dos períodos 1971-2000 y 1981-2010. Tendo en conta os percentiles das series das máximas, esta primavera foi moi cálida, cunha anomalía de +1.2 °C con respecto ao último período de referencia.

Temperatura media das máximas en primavera(°C)		
2022	1971-2000	1981-2010
18.8	17.1	17.6

Táboa 9: Comparación entre a temperatura máxima media en primavera e a media climática galega.



Mensualmente, marzo resultou normal, abril cálido e maio extremadamente cálido, con respecto ao período 1981-2010.

Temperatura media das máximas por mes (°C)			
Mes	2022	1971-2000	1981-2010
marzo	15.8	15.6	16.1
abril	17.6	16.5	17.1
maio	23.1	19.1	19.7

Táboa 10: Comparación entre a temperatura máxima media mensual da primavera 2022 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

En canto ás temperaturas mínimas, a primavera foi cálida, cunha anomalía de +0.5 °C con respecto ao período de referencia 1981-2010.

Temperatura media das mínimas en primavera (°C)		
2022	1971-2000	1981-2010
7.5	6.8	7.1

Táboa 11: Comparación entre a temperatura mínima media en primavera e a media climática galega.

A escala mensual, o mes de marzo foi cálido, abril frío e maio extremadamente cálido, con respecto ao último período de referencia 1981-2010.

Temperatura media das mínimas por mes (°C)			
Mes	2022	1971-2000	1981-2010
marzo	5.8	5.1	5.5
abril	6.1	6.4	6.6
maio	10.7	8.8	9.1

Táboa 12: Comparación entre a temperatura mínima media mensual da primavera 2022 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

Na Figura 5 móstrase a evolución da temperatura media das primaveras dende o ano 1961 ao ano 2022.




Figura 5: Evolución da temperatura media na primavera para a serie rexional galega.

A temperatura media do primavera de 2022 acadou un valor de 13.2 °C. A anomalía da temperatura media para Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +0.8 °C respecto á media 1981-2010. Iso fai que segundo os criterios da táboa 0.1, poida considerarse como unha primavera moi cálida. Isto debeuse principalmente ás temperaturas máximas que foron moi cálidas, mentres que as mínimas foron cálidas. O precedente máis cálido xa o atopamos no pasado 2020.




Figura 6: Evolución da anomalía da temperatura na primavera no período 1961-2022.



3.2. Precipitación

Na táboa 13 móstranse os valores medios de precipitación acumulada na primavera 2022, ademais dos valores climáticos dos períodos 1971-2000 e 1981-2010. A serie rexional constrúese a partir de dezaseis estacións meteorolóxicas representativas.

Precipitación acumulada estacional (L/m ²)		
2022	1971-2000	1981-2010
229	512	502

Táboa 13: Comparación entre a precipitación acumulada no primavera 2022 e os valores climáticos.

A porcentaxe de precipitación nesta primavera foi dun 45% inferior ao normal con respecto ao período 1971-2000, e dun 25% inferior con respecto ao período de referencia 1981-2010. Segundo os criterios da táboa 0.2, considérase unha primavera moi seca con respecto ao último período.

O estudo mensual da precipitación acumulada nesta primavera (táboa 14) mostra un mes marzo húmido, abril seco e maio moi seco, respecto ao último período de referencia.

Precipitación acumulada por mes (L/m ²)			
Mes	2022	1971-2000	1981-2010
marzo	113	98	100
abril	78	111	115
maio	38	102	96

Táboa 14: Comparación entre os valores acumulados de precipitación dos meses de primavera e as medias correspondentes aos períodos climáticos.

Na Figura 7, pódese ver a evolución da precipitación nas primaveras desde o ano 1961 ao 2022.




Figura 7: Precipitación acumulada na primavera para a serie rexional galega.

A chuva media para as dezaseis estación que compoñen a serie rexional foi de 229 L/m². A porcentaxe de precipitación para esta primavera en Galicia, para a serie rexional, foi un 25% inferior á media do período 1981-2010, o que fai que poida considerarse como unha primavera moi seca, co precedente máis seco en 2015.




Figura 8: Evolución da anomalía de precipitación na primavera no período 1961-2022.



METEOGALICIA

 Xacobeo 21-22

Informe climatolóxico primavera 2022

MeteoGalicia

Subdirección de Meteoroloxía e Cambio Climático

Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda